



XXVIII CERTAME MUNICIPAL DE TEATRO PARA CENTROS DE ENSINO DE MONFORTE -2019

BASES

Primeira.- A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o **XXVIII Certame Municipal de Teatro para centros de ensino de Monforte**, que se realizará dentro do programa de actividades da Delegación, entre o **24 de abril e o 9 de maio de 2019**.

Segunda.- Poderán participar todos os centros de ensino de Monforte de Lemos representando unha soa obra de teatro, así mesmo tamén poderán participar como invitados outras asociacións ou colectivos locais despois da correspondente petición e da aceptación por parte da Delegación Municipal de Cultura.

Terceira.- As presentes bases serán efectivas a partir do día en que aparezan no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal (www.monfortedelemos.es).

As solicitudes de inscrición para a participación no certame presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte a partir do día en que estas bases sexan efectivas. O derradeiro día para realizar a inscrición é o 1 de abril.

Cuarta.- Documentación a presentar: Título, autor, reparto, nome do director, sinopse e duración da obra.

Quinta.- As representacións das obras de teatro terán lugar no salón de actos da Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro ás 20:00 h. Todos os participantes no Certame pertencerán obrigatoriamente ó centro ó que representan. As datas da posta en escena das obras, serán determinadas pola Delegación Municipal de Cultura e os centros de ensino nunha reunión o 1 de abril no Concello de Monforte de Lemos, ás 12:00 h.

Sexta.- O Concello colaborará cos centros de ensino participantes aportando material para a realización da obra por unha cantidade máxima de 100 euros. Os premios consisten na gravación en DVD das obras representadas que serán entregadas ós centros participantes, así como dun diploma acreditativo para cada un dos participantes.

Sétima.- As obras que representen os centros de ensino terán unha duración mínima de media hora e deberán ser estreadas no certame.

Oitava.- A entrega de premios será no Salón de Actos da Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro o 13 de maio ás 18:00 h.

Novena.- A participación neste Certame implica a total aceptación das presentes bases e a súa interpretación corresponde exclusivamente á Comisión Organizadora.